



NORMATIVA

CAMPIONATO GALEGO DE YOLAS - 2010

FECHA: 3 de outubro de 2010 (DOMINGO)

A CELEBRAR EN: ENSENADA DE A CABANA - FERROL (A CORUÑA)

ORGANIZAN

Federación Galega de Remo e o Club Remo San Felipe

DIRECCIÓN TÉCNICA

Comité Galego de Xuíces-Árbitros.

MODALIDADE, CATEGORÍA E DISTANCIA

Yolas A4 Con Timonel .- (LARGO DE 500 METROS)

CADETES (M-F) (Nacidos 1994-1995) _____ 1.500 m (3 ciabogas)

XUVENÍIS (M-F) (Nacidos 1992-1993) _____ 2.000 m (5 ciabogas)

ABSOLUTOS (M-F) (Anteriores 1987) _____ 2.000 m (5 ciabogas)

VETERÁNS (M) (Categoría única) _____ 1.000 m (1 ciaboga)

INSCRIPCIÓNS

Os Clubes que deseen participar neste Campionato Galego de Yolas, remitirán as súas Follas de Inscripción a esta Federación, **con anterioridade ás 21,00 horas do próximo día 24 de Setembro de 2010 (VENRES)**.

REUNIÓN DE DELEGADOS

Terá lugar **ás 9,30 horas** do mencionado día 3 de outubro de 2010 (DOMINGO) **no Local Social do CLUB REMO SAN FELIPE**, en A Cabana. Significando ós señores delegados, a **obligatoriedade da asistencia**, evitando así que se poida dar a súa tripulación por non presentada. Só poderá asistir un delegado por Clube.

HORARIO

O horario de regatas irá en función das inscricións efectuadas.



CLASIFICATORIA PARA O CAMPIONATO DE ESPAÑA DE YOLAS

Como no Campionato de España, poderán participar un máximo de dous tripulacións por Autonomía e Categoría, limitándose a inscrición a unha tripulación por Clube e Categoría, tanto en feminino como en masculino. No caso de non cubrirse o número de tripulacións mínimas por categoría, dous por categoría, non haberá Campionato Galego nesa Categoría, e poderán acudir tódalas tripulacións inscritas ó CAMPIONATO DE ESPAÑA DE YOLAS.

Na categoría Absoluta, só estará permitida a participación de Xuvenís e Seniors.

Na categoría de Veteráns, ó disputarse o Campionato en categoría única, poderán inscribirse dous tripulacións do mesmo Clube, sempre e cando non sean da mesma categoría de idade.

As tripulacións presentaranse con embarcación propia.

TIMONEIS

Absolutos e Xuvenís: o peso do timonel, de acordo ás normas FISA, está fixado nun mínimo de 55 Kgs para as tripulacións Absoluto e Xuvenil Masculino, e en 50 Kgs para as tripulación Absoluta e Xuvenil Feminino. Para acadar este peso, o timonel pode dispor dunha sobrecarga máxima de 10 Kgs colocada na embarcación o máis cerca posible del.

Cadetes: sen limitación mínima de peso.

O horario da pesaxe determinarase na reunión de delegados.

INFORMACIÓN ADICIONAL PARA OS VETERÁNS

Ó tratarse de categoría única, ponse en coñecemento dos posibles participantes, que será aplicado o sistema de clasificación por hándicap como en anteriores Campionatos.

Por este motivo, nas inscricións para esta categoría, se farán constar as idades dos participantes, así como a idade media da tripulación e a categoría de ésta na que se inscribe, sen o timonel.

A Coruña, 30 de agosto de 2010